



Xacobeo 2021

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Mes de setembro e 3º trimestre de 2020

PROVINCIA DE A CORUÑA
SETEMBRO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	61.589	-65,4%	111.876	-66,1%	1,82	-1,9%	23,62%	-36,99
PENSIÓNS	14.314	-68,8%	26.660	-65,5%	1,86	10,6%	12,88%	-21,09
ESTAB. HOTELEIROS	75.904	-66,1%	138.536	-66,0%	1,83	0,5%	20,35%	-32,40
APTOS. TURÍSTICOS	5.055	-37,2%	13.516	-23,9%	2,67	21,2%	22,99%	-9,86
TURISMO RURAL	2.288	-78,1%	4.435	-71,4%	1,94	30,6%	10,27%	-17,52
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	7.343	-60,3%	17.951	-46,0%	2,44	36,0%	-	-
TOTAL	83.247	-65,7%	156.487	-64,4%	1,88	3,6%	-	-

- Comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de A Coruña neste último mes do terceiro trimestre. En concreto, descende a cifra de viaxeiros aloxados un 66% e o volume de noites un 64% en relación ao mesmo período do pasado ano. Significa isto que este mes os establecementos regrados da provincia conseguiron manter un terzo da demanda rexistrada no mesmo período de 2019.
- Obsérvase ademais un comportamento negativo xeneralizado nas diferentes tipoloxías, con caídas da demanda en todas elas de diversa intensidade. Descende o volume de noites un 66% nos establecementos hoteleiros –de forma case equivalente entre os hoteis e as pensións-, un 71% nos establecementos de turismo rural e nun 24% nos apartamentos turísticos –a modalidade que mellor resistiu neste mes.
- O 88,5% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 71,5% nos hoteis e un 17% nas pensións-. O 11,5% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural. Esta distribución cambia respecto da rexistrada no verán, cun maior peso dos hoteis fronte ás restantes modalidades.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado no sentido de que todos presentan caídas en termos interanuais pero difiren considerablemente na intensidade. Así, o turismo interno descende un 29%, o receptor nacional un 56% e o internacional un 89% -segmento de peor comportamento en termos relativos-.
- O segmento de maior peso neste mes é o receptor nacional. Representa en setembro o 58% do total das noites hoteleiras. O turismo interno absorbe o 29% mentres que o 13% restante corresponde ao internacional.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella á demanda. Descende en todas as tipoloxías, con maior intensidade nos hoteis.

PROVINCIA DE A CORUÑA
3º TRIMESTRE 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
ESTAB. HOTELEIROS	336.235	-53,2%	676.805	-53,1%	2,01	0,1%	31,50%	-26,85
APTOS. TURÍSTICOS	21.115	-11,7%	65.412	-15,6%	3,10	-4,3%	36,76%	-11,32
TURISMO RURAL	13.948	-60,5%	38.744	-48,3%	2,78	30,8%	27,92%	-15,11
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	35.063	-40,8%	104.156	-31,7%	2,97	15,4%	-	-
TOTAL	371.298	-52,2%	780.961	-51,1%	2,10	2,4%	-	-

- Neste terceiro trimestre obsérvase, en termos globais, un comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de A Coruña. Tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites descenden en pouco máis do 50% en relación ao mesmo período do pasado ano. Significa isto que neste período os establecementos regrados da provincia rexistraron case a metade do nivel de demanda de 2019.
- Esta caída vén como consecuencia dos descenso rexistrados en todas as tipoloxías, con diversa intensidade. No segmento hoteleiro a caída sitúase no 53% mentres que no extrahoteleiro o descenso fica no 32% -cun 48% para os establecementos de turismo rural e cun 16% para os apartamentos turísticos-.
- O 87% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro mentres que o 13% restante repártese entre os apartamentos turísticos -cun 8,4%- e os establecementos de turismo rural -cun 5,0% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes mercados. Neste trimestre descende o turismo interno un 16%, o receptor nacional un 47% e o internacional un 82%, porcentaxes referidas ás pernoctacións.
- O segmento de maior peso é o turismo receptor nacional -absorbe dous terzos do total da demanda-. O segmento internacional supón neste período o 11% quedando o interno co 23,5%.
- A estadía media sobe levemente, un 2,4%, para situarse en 2,1 noites, a segunda cifra máis elevada das catro provincias galegas.
- En termos de ocupación o comportamento é parello ao da demanda. Empeora en todas as modalidades, con maior intensidade no segmento hoteleiro -en 27 puntos- e algo menos aínda que tamén con caída importante nas dúas restantes tipoloxías.
- Neste terceiro trimestre, a cifra de ocupación máis elevada rexístrase nos apartamentos turísticos, cun 36,8% de media neste período de tres meses.

PROVINCIA DE LUGO
SETEMBRO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	24.358	-53,9%	44.045	-50,4%	1,81	7,5%	27,51%	-22,68
PENSIÓNS	8.157	-72,1%	10.781	-71,9%	1,32	0,6%	12,60%	-20,08
ESTAB. HOTELEIROS	32.515	-60,4%	54.826	-56,9%	1,69	8,7%	22,30%	-20,89
APTOS. TURÍSTICOS	3.795	-42,9%	11.909	-25,8%	3,14	30,1%	29,51%	0,43
TURISMO RURAL	3.589	-61,8%	6.689	-50,2%	1,86	30,2%	14,62%	-11,66
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	7.384	-54,0%	18.598	-36,9%	2,52	37,0%	-	-
TOTAL	39.899	-59,3%	73.424	-53,2%	1,84	15,2%	-	-

- Rexístrase neste mes de setembro un descenso da demanda turística regrada na provincia de Lugo. Cae a cifra de viaxeiros aloxados un 59% e o volume de noites un 53% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este descenso vén provocado polas caídas rexistradas en todas modalidades de aloxamento. A demanda cae de forma moi acusada nas pensións –un 72%-, entorno á metade dos niveis do pasado ano nos hoteis e establecementos de turismo rural e un 26% nos apartamentos turísticos.
- O 75% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 60% nos hoteis e un 15% nas pensións-. O 25% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 16%- e os establecementos de turismo rural –co 9% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes un comportamento negativo e homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Descende un 48% o turismo interno, un 42% o receptor nacional e un 87% o internacional. O segmento de maior peso neste mes de setembro é o turismo receptor nacional –representa o 59% das noites hoteleiras-. Un terzo corresponde ao interno mentres que tan só o 9% é internacional.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento negativo xeneralizado, con descensos en todas as modalidades agás nos apartamentos turísticos –onde curiosamente se mantén estable por rexistrar unha caída da oferta similar á da demanda-. O descenso supera os 20 puntos porcentuais nos establecementos hoteleiros –algo máis nos hoteis que nas pensións- e achégase aos 12 puntos en turismo rural.
- A estadía media increméntase neste mes –un 15,2% en particular- para situarse levemente por encima de 1,8 noites.

PROVINCIA DE LUGO
3º TRIMESTRE 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
ESTAB. HOTELEIROS	116.809	-55,1%	210.517	-53,4%	1,80	3,7%	28,91%	-20,67
APTOS. TURÍSTICOS	14.628	-26,2%	52.210	-14,2%	3,57	16,3%	41,81%	0,20
TURISMO RURAL	13.481	-53,8%	28.736	-49,2%	2,13	10,0%	21,35%	-12,25
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	28.109	-42,7%	80.946	-31,1%	2,88	20,2%	-	-
TOTAL	144.918	-53,1%	291.463	-48,8%	2,01	9,2%	-	-

- Neste trimestre obsérvase un comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de Lugo. En particular, cae a cifra de viaxeiros aloxados un 53% e o volume de noites un 49% en relación ao mesmo período do pasado ano. Neste sentido os establecementos regrados da provincia conseguen neste período recuperar entorno á metade da demanda xerada en 2019.
- Obsérvase en paralelo un comportamento negativo nas diferentes tipoloxías de aloxamento, con caídas de intensidade variable. Descende o nivel de demanda un 53% no segmento hoteleiro e un 31% no extrahoteleiro –con diferente intensidade entre os apartamentos turísticos, que rexistran unha caída do 14%, e os establecementos de turismo rural, cun descenso neste caso do 49%-.
- O 72% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro mentres que o 28% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 18%- e os establecementos de turismo rural –co 10% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste período un comportamento negativo e homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Descende un 51% o turismo interno, un 43% o receptor nacional e un 85% o internacional. O segmento de maior peso neste trimestre é o turismo receptor nacional –absorbe dous terzos do total das noites hoteleiras-. O 28% corresponde ao interno mentres que tan só o 6% é internacional.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento algo diferente. Descende nos establecementos hoteleiros –en máis de 20 puntos- e nos establecementos de turismo rural –en máis de doce puntos- máis estabilízase nos apartamentos turísticos –por mor dun comportamento parello da oferta e da demanda, con caídas similares neste período-.
- A estadía media increméntase neste mes –un 9,2% en particular- para situarse en dúas noites –a cifra máis baixa das catro provincias galegas-.

PROVINCIA DE OURENSE
SETEMBRO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	17.731	-40,1%	32.949	-42,4%	1,86	-3,8%	26,75%	-18,28
PENSIÓNS	3.588	-43,6%	7.251	-42,9%	2,02	1,2%	13,62%	-7,55
ESTAB. HOTELEIROS	21.319	-40,7%	40.200	-42,5%	1,89	-3,0%	22,78%	-14,57
APTOS. TURÍSTICOS	378	-16,4%	922	-15,4%	2,44	1,1%	8,84%	-1,69
TURISMO RURAL	2.582	-24,3%	4.964	-17,6%	1,92	8,9%	18,34%	-2,11
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	2.960	-23,4%	5.886	-17,2%	1,99	8,0%	-	-
TOTAL	24.279	-39,0%	46.086	-40,2%	1,90	-1,8%	-	-

- Ourense participa tamén da dinámica negativa deste mes e rexistra caídas importantes da demanda turística regrada. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados un 39% e o volume de noites un 40% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- A caída da demanda concéntrase especialmente no segmento hoteleiro, onde se rexistra un descenso do 42% nos hoteis e do 43% nas pensións. No ámbito extrahoteleiro os descensos son menos acusados e sitúanse no contorno do 15% nos apartamentos turísticos e do 18% en turismo rural.
- O 87% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 71% nos hoteis e un 16% nas pensións-. O 13% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 2%- e os establecementos de turismo rural –co 11% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento igualmente negativo dos tres grandes segmentos de mercado, con caídas de diversa intensidade. Neste mes descende o turismo interno un 36%, o receptor nacional un 41% e o internacional un 65% -todas as porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado interno –representa o 46% do total das noites hoteleiras-. O turismo receptor nacional ten tamén un peso importante -representa o 45%- mentres que o 9% restante queda para o internacional.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento parello ao da demanda. Empeora en todas as modalidades pero con maior intensidade no segmento hoteleiro –máis de 18 puntos nos hoteis e case oito puntos nas pensións- fronte aos apartamentos turísticos e establecementos de turismo rural –que rexistran un descenso do contorno dos dous puntos-.
- A estadía media descende levemente neste mes –un 1,8% en particular- situándose en 1,9 noites.

PROVINCIA DE OURENSE
3º TRIMESTRE 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO S		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
ESTAB. HOTELEIROS	71.243	-38,7%	141.766	-38,1%	1,99	1,0%	27,13%	-12,34
APTOS. TURÍSTICOS	1.654	-40,7%	6.268	-32,2%	3,79	14,4%	22,12%	-3,83
TURISMO RURAL	11.194	-16,1%	24.769	-8,7%	2,21	8,9%	29,86%	0,22
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	12.848	-20,4%	31.037	-14,7%	2,42	7,2%	-	-
TOTAL	84.091	-36,5%	172.803	-34,9%	2,05	2,5%	-	-

- No terceiro trimestre deste 2020 obsérvase un descenso dos niveis de demanda turística regrada na provincia de Ourense. A cifra de viaxeiros aloxados cae un 36,5% e o volume de noites un 35% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este descenso vén como consecuencia das caídas rexistradas en todas as tipoloxías de aloxamento, con intensidade notable nos establecementos hoteleiros –que rexistran unha caída do 38%- e nos apartamentos turísticos –cun descenso neste caso do 32%- e algo máis baixa no segmento de turismo rural –que presenta un descenso neste caso do 9% interanual-.
- O 82% da demanda concéntrase no segmento mentres que o 18% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 4%- e os establecementos de turismo rural –co 14% neste caso-. Este último segmento establécese como o segundo máis importante na provincia neste período estival.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado, con caídas de diversa intensidade. Neste trimestre descende o turismo de ámbito interno –nun 30%-, o receptor nacional –nun 38%- e o internacional –nun 62% neste caso-.
- En Ourense preto do 50% da demanda corresponde ao mercado receptor nacional. O interno absorbe o 43% mentres que o internacional queda co 8%.
- En termos de ocupación obsérvanse variacións tamén negativas agás no segmento de turismo rural onde a porcentaxe se mantén estable en relación ao pasado ano. O descenso é notable no segmento hoteleiro –de máis de doce puntos- e algo menos acusado nos apartamentos turísticos –de case catro puntos neste caso-.
- A estadía media sobe un 2,5% para situarse preto de 2,1 noites, cifra parella á rexistrada en Lugo.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
SETEMBRO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	73.091	-55,5%	162.394	-58,6%	2,22	-7,1%	28,34%	-27,12
PENSIÓNS	6.783	-69,1%	18.281	-52,6%	2,70	53,6%	19,69%	-16,37
ESTAB. HOTELEIROS	79.874	-57,1%	180.675	-58,1%	2,26	-2,4%	27,13%	-25,77
APTOS. TURÍSTICOS	3.904	-35,4%	16.318	-42,1%	4,18	-10,4%	18,03%	-12,82
TURISMO RURAL	3.124	-45,4%	6.955	-39,1%	2,23	11,4%	12,55%	-7,46
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	7.028	-40,2%	23.273	-41,2%	3,31	-1,7%	-	-
TOTAL	86.902	-56,1%	203.948	-56,7%	2,35	-1,3%	-	-


- Comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra neste mes de setembro. Obsérvase neste sentido unha dinámica parella á das restantes provincias, cun descenso da cifra de viaxeiros aloxados do 56% así como do volume de noites –do 57% neste caso-. Significa isto que os establecementos regrados de Pontevedra rexistraron neste mes menos da metade da demanda de setembro de 2019.
- A caída da demanda atinxe a todas as tipoloxías consideradas, con notable intensidade. Descende así o volume de noites un 59% nos hoteis, un 53% nas pensións, un 42% nos apartamentos turísticos e un 39% nos establecementos de turismo rural.
- O 89% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 80%- e ás pensións –co 9%-. A porcentaxe restante corresponde aos apartamentos turísticos –co 8% da demanda- e aos establecementos de turismo rural –co 3% neste caso-.
- A nivel de mercados obsérvase un comportamento igualmente negativo, con caídas de diversa intensidade. O turismo interno –dos residentes en Galicia- descende un 31%, o receptor nacional un 56% e o internacional un 84%. Así pois é o mercado interno o que mellor resiste as consecuencias da crise.
- O segmento de maior peso na provincia é o mercado receptor nacional –absorbe o 57% do total da demanda-. Un terzo corresponde ao interno –dos residentes en Galicia- mentres que tan só o 10% é internacional.
- Os niveis de ocupación descenden tamén de forma importante pero variable. Obsérvanse caídas de 27 puntos porcentuais nos hoteis –segmento que sofre con maior intensidade este contexto negativo-, de 16 puntos nas pensións, de 13 puntos nos apartamentos turísticos e de sete puntos en turismo rural.
- Descende levemente neste mes a estadía media –un 1,3%- situándose en 2,3 noites –a cifra máis elevada das catro provincias galegas.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
3º TRIMESTRE 2020


TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
ESTAB. HOTELEIROS	344.540	-45,6%	908.280	-46,3%	2,64	-1,2%	38,45%	-23,47
APTOS. TURÍSTICOS	23.126	-15,8%	127.274	-17,0%	5,50	-1,5%	35,94%	-13,11
TURISMO RURAL	15.514	-36,9%	49.908	-25,9%	3,22	17,3%	29,53%	-8,29
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	38.640	-25,7%	177.182	-19,8%	4,59	8,0%	-	-
TOTAL	383.180	-44,1%	1.085.462	-43,2%	2,83	1,6%	-	-

- Neste terceiro trimestre obsérvase un comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados nun 44% e o volume de noites nun 43% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- A caída da demanda atinxe a todas as tipoloxías, con maior intensidade no segmento hoteleiro –os hoteis e pensións da provincia rexistran un descenso do 46%- e de forma menos acusada nos establecementos de turismo rural –cun 26%- e nos apartamentos turísticos –cun 17% neste caso-.
- O 84% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros mentres que a porcentaxe restante fica entre os apartamentos turísticos- co 12%- e os establecementos de turismo rural –co 5% neste caso-.
- Só para o ámbito hoteleiro obsérvase un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado, con caídas de diversa intensidade. Desta maneira descende neste trimestre o turismo interno –nun 26%- , o receptor nacional –nun 44%- e o internacional –nun 75% neste caso-.
- O mercado receptor nacional é o de maior volume e peso na provincia. Representa o 63% do total da demanda neste período. O interno supón o 28%.
- A estadía media sobe levemente, un 1,6% en particular, situándose en 2,8 noites –a cifra máis elevada das catro provincias galegas-.
- Os niveis de ocupación varían de forma parella á demanda neste período. Descenden en todas as modalidades con intensidade variable –en máis de 23 puntos nos establecementos hoteleiros, en pouco máis de 13 puntos nos apartamentos turísticos e en algo máis de oito puntos nos establecementos de turismo rural-. Os hoteis marcan en Pontevedra a cifra de ocupación máis elevada, cun 38,5% de media neste trimestre. Moi preto están os apartamentos turísticos, cun 35,9% neste caso.


Reparto da demanda turística regrada. Noites setembro 2020



Reparto da demanda turística regrada. Noites 3º trimestre 2020



Variación da demanda turística regrada. Noites setembro 20/19



Variación da demanda turística regrada. Noites 3º trimestre 20/19

